

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Corrección de errores.—Decreto 272/1992, do 14 de maio, de modificación do Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Escola Galega de Administración Pública.

Advertido erro na publicación do citado decreto efectuada no DOG nº 189, do pasado luns 28, procede a súa rectificación.

Na páxina 7.744, onde di: «sen habilitación de carácter nacional, que representa a EGAP», debe dicir: «sen habilitación de carácter nacional, que representa á EGAP».

Consellería de Industria e Comercio

Orde do 17 de agosto de 1992 pola que se establecen normas de procedemento en relación coa aplicación da instrucción técnica complementaria MIE-AEM2 do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento referente a guindastres-torre desmontables para obra, na Comunidade Autónoma de Galicia.

A instrucción técnica complementaria MIE-AEM2 aprobada por orde do 28 de xuño de 1988 establece as prescricións do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento, no referente ás condicións de seguridade esixibles na construcción, montaxe e utilización de guindastres-torre desmontables para obra.

A experiencia obtida na aplicación da ITC aconsella establecer unha norma que aclare e complete aspectos contidos nela para lograr unha unidade de criterio na súa aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto, e co obxecto de desenvolver unha mellor actuación administrativa na aplicación da instrucción técnica complementaria MIE-AEM 2 e de acordo coa competencia que na materia de industria outorga o Estatuto de autonomía.

ORDENO

Artigo 1.—Obxecto.

A presente orde ten por obxecto establecer las normas de procedemento relativas á aplicación da instrucción técnica complementaria MIE-AEM2 do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento referente a guindastres-torre desmontables para obra.

Artigo 2.—Documentación que se presentará para a instalación e posta en servizo do guindastre-torre.

a) Para a súa instalación presentarase perante a delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio que corresponda a seguinte documentación:

1.—Instancia-proxecto segundo modelo que se establece no anexo I.

2.—Documento que acredite o guindastre: certificado do fabricante ou certificado de ENICRE, se é o caso.

3.—Libro-historial do guindastre actualizado.

4.—Solicitud de enerxía eléctrica para a obra.

b) Posta en servizio.

Presentarase perante a delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio que corresponda certificado de montaxe do guindastre, estendido por técnico titulado competente, segundo modelo que se establece no anexo II.

Artigo 3.—Empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre.

Consideráranse empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre as dedicadas á instalación, montaxe, mantemento e reparación destes e que figuran inscritas no rexistro correspondente.

Artigo 4.—Requisitos que deben reunir las empresas instaladoras-conservadoras.

Para a súa inscripción no rexistro de empresas instaladoras conservadoras de guindastres-torre acreditarase perante a delegación provincial da Consellería de Industria e Comercio que corresponda o cumprimento dos requisitos seguintes:

a) En canto ó persoal.—Disporán dun técnico titulado, enxeñeiro superior ou técnico nas ramas de electricidade, electrónica ou mecánica que será responsable técnico e expedirá os correspondentes certificados de montaxe.

O dito técnico terá relación laboral coa empresa, cunha dedicación mínima de media xornada, sen que poida prestar servicios como responsable técnico en máis de dúas empresas.

Así mesmo, disporán dun mínimo de tres montadores en xornada completa, dos cales douce deberán ser mecánicos e o terceiro eléctrico.

Os montadores terán formación profesional de FP-1 nas especialidades de electricidade, electrónica ou mecánica ou, no seu defecto, unha experiencia non inferior a douce anos en traballos de montaxe e/ou conservación en empresas do sector. A dita experiencia acreditarase mediante os correspondentes certificados de empresa. Para cuantificación do dito persoal non se terán en conta os traballadores con contrato de formación, prácticas ou a tempo parcial.

b) Medios materiais.—As empresas instaladoras-conservadoras de guindastres-torre disporán dun local en propiedade ou alugueiro ó seu nome, con licencia de apertura e dotado de teléfono, ferramentas e stock de repostos de uso frecuente. Así mesmo, disporán, polo menos, dun vehículo para desprazamentos.

c) Póliza de seguros.—As empresas instaladoras-